



Dona KATHERINIE VARELA FERNANDEZ, na súa calidade de Portavoz do Grupo Municipal Popular no Concello de Monforte de Lemos, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación municipal, a seguinte

MOCIÓN PARA A MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS DE OCIO NA CIDADE DE MONFORTE DE LEMOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na cidade de Monforte existen moitos parques de ocio infantil e desde o Grupo Municipal do PP de Monforte, non negamos o esforzo inversor de este equipo de goberno en algún caso, como aconteceu co Parque Infantil do Hospital.

Tamén desfrutamos de moitas áreas recreativas, o carón da natureza, como Rivasaltas, Os Loureiros, O Paseo do Malecón, O Paseo a carón do Río ata Piñeira, a ladeira de San Vicente....etc

Sen embargo, a pesar de ese esforzo inversor no momento da construción, este grupo municipal xa se queixou da falta de mantemento dalgunhas de esas zonas. Ademais queremos destacar, que a climatoloxía da cidade non é amable en certas épocas do ano, como pode ser coas temperaturas moi elevadas en verán, ou as



constantes choivas en verán, por iso é complicado para os máis cativos o disfrute de esos parques en moitos momentos do ano.

Por iso, consideramos que se debe iniciar un plan de melloras das infraestruturas de ocio da cidade, onde expoñemos os seguintes exemplos:

1. O Parque do hospital carece de árbores que dean refuxio a situacións climatolóxicas adversas, sobre todo como pode ser o calor de verán, por iso vemos convinte, que dado os cartos invertidos nese parque se procedese a instalar algunha cuberta móbil.
2. O Parque da Compañía necesita melloras na iluminación, tamén se investiron cartos en rehabilitar e crear novos espazos, pero a iluminación é escasa e impide o seu uso en épocas do ano onde a claridade é escasa.
3. Outras zonas recreativas tamén teñen mala iluminación, como a ladeira de San Vicente, O Paseo do Malecón ou o do Río ata Piñeira. Estes espazos amosan moitos puntos de luz fundidos e sen correcta reposición.

En definitiva, este equipo de goberno presume de inversións millonarias pero de nada vale, se logo este lugares non poden ser disfrutadas polos cidadáns, por falta de previsión, mantemento e rehabilitación:

Por todo o exposto presentamos a seguinte proposta de acordo para o seu debate e aprobación no vindeiro Pleno do 31 de Marzo.

- Que o equipo de goberno do Concello de Monforte de Lemos prepare un plan de mellora das infraestruturas de ocio da cidade para que o seu uso por parte dos usuarios sexa máis amplo e en mellores condicións.